

Lingua de signos: recoñecemento dun dereito

A comezos do presente curso publicábase no BOE a Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas, e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas. A nova tivo pouca transcendencia nos medios, aínda que veu marcar un fito ao darlle resposta a unha reivindicación histórica do colectivo de persoas xordas: o recoñecemento da súa identidade, a través do recoñecemento da súa lingua e cultura.

José A. Delgado Montoto
Equipo de Orientación Específico
Ourense
montoto@edu.xunta.es

Palabras clave

Inclusión, discapacidade, normalización, integración, necesidades educativas especiais.

Dúas datas históricas: 1880 e 2007

No ano 1878 celébrase en París o I Congreso Internacional sobre a Instrución de Xordomudos. No evento aprobábase una resolución que determinaba que só a instrución oral podía incorporar o xordo á sociedade, conque o método articulario debía preferirse a todos os demais. Neste contexto os signos considerábanse axudas auxiliares.

Dous anos despois, no 1880, na cidade de Milán ten lugar o segundo con-

greso internacional. Ao acto final, no que se resolve a moción presentada para a educación de xordos, asisten unicamente educadores oíntes. Coas protestas dos educadores xordos franceses e norteamericanos apróbase a dita moción que, entre outras resolucións, relega a lingua de signos, ao entender que non se trata dunha lingua como tal, e afirma igualmente que a práctica da lingua de signos atranca a aprendizaxe da linguaxe oral. As repercusións da devandita votación e as conclusións emitidas son visibles aínda hoxe.



Óptase, daquela, por un modelo de servizos principiando unha polémica, que segue existindo na actualidade, entre o uso da linguaxe oral ou o uso da lingua de signos para a aprendizaxe. Durante máis de cen anos as persoas xordas víronse como deficientes auditivas en proceso de rehabilitación oral, polo tanto, a persoa xorda será obxecto de normalización e, dado que o normal oe e fala, os esforzos dirixiranse a educar a audición e a linguaxe oral.

Paralelamente, a escola vai aplicando o modelo aos alumnos xordos. A

iso contribuirá, sobre todo, o desmantelamento progresivo das escolas de xordos e a escolarización en centros ordinarios deste alumnado. Desaparecen, deste xeito, as prácticas sociais con iguais, é dicir, os intercambios comunicativos con compañeiros xordos e tamén o contacto con modelos de referencia xordos adultos (Fernández-Viader, 1996).

Nos anos sesenta prodúcese unha importante mobilización social das persoas xordas, sobre todo, nos países nórdicos, EEUU e Canada. É un

movemento a prol dos dereitos civís, ao entender que son suxeitos de opresión, especialmente de opresión lingüística. Este movemento vese apoiado polos estudos sobre a lingua de signos americana (American Sign Language, ASL) que realiza William Stokoe en 1965 (Woodward, 1973). Stokoe demostra a validez, como idioma do ASL, determina canles para o estudo doutras linguas de signos doutras comunidades e, sobre todo, establece as bases para o recoñecemento da existencia dunha cultura e unha comunidade xorda con identidade propia.



eml

Xorde unha visión socio-cultural da xordeira. A atención xa non se centra no que o individuo non pode facer, senón no recoñecemento da persoa xorda como integrante dun grupo lingüístico minoritario, coas habilidades e limitacións propias do ser humano en desvantaxe, con respecto á maioría oínte, polos prexuízos e estereotipos creados por modelos educativos inapropiados (Woodward, 1973).

Parece que existan dúas perspectivas antagónicas. Por unha banda, unha visión baseada no modelo clínico-patolóxico con formulacións deficitarias, que considera a xordeira unha enfermidade ou discapacidade que debería mellorarse e/ou curarse. Por outra, aquela visión que identifica os xordos como grupo minoritario cunha lingua e unha cultura propias e, daquela, cunha identidade recoñecida.

As consecuencias da nova lei

A lei incide en que as linguas de signos españolas non tiveron, nin o recoñecemento, nin o desenvolvemento que lles correspondía.

Ao longo do tempo, tanto a ONU, a través da Axencia Europea para as Necesidades Educativas Especiais, como a Unión Europea, a través do seu Consello, foron elaborando unha serie de liñas e disposicións a favor da protección dos dereitos daqueles que escollen o emprego da lingua de signos do seu país. Centrán-

A nova lei pretende poñer nun mesmo nivel funcional as linguas de signos españolas e a lingua oral

donos no ámbito educativo, estas directrices puxéronse en práctica de modo desigual. Aqueles países cunha longa tradición na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, como é o caso sueco, decidíronse por modelos bilingües. Os nenos xordos neste país escolarízanse decote en centros de Educación Especial ou aulas especiais. Neles aprenden, como primeira lingua, a de signos sueca; e a partir de aí empeza a aprendizaxe da segunda lingua: a oral. No caso español, a historia recente ten moito que ver co mapa autonómico. Cada comunidade autónoma escolleu un modelo diferente, na maioría dos casos a incorporación da lingua de signos fíxose segundo foron xurdindo as demandas, tanto de profesionais como de pais e alumnos.

Ora ben, a nova lei pretende poñer nun mesmo nivel funcional as linguas de signos españolas e a lingua oral. Queda,

polo tanto, recoñecido, de xeito claro e preciso, o dereito de libre opción das persoas xordas, ou con discapacidade auditiva. Un recoñecemento que acada, tanto a aprendizaxe, coñecemento e uso das linguas de signos españolas, como dos medios de apoio á comunicación oral.

Ao situar nun mesmo plano as linguas de signos e os medios de apoio á comunicación oral, queda resolta unha vella e secular polémica: oralización do neno xordo, ou uso exclusivo da lingua de signos. Preténdese romper esta suposta incompatibilidade, posibilitando o máximo aproveitamento dos restos auditivos dos nenos con xordeira ou hipoacusia, a través da posta en práctica de todos os re-

Ao situar ao par as linguas de signos e os medios de apoio á comunicación oral, queda resolta a secular polémica entre a oralización do neno xordo e o uso exclusivo da lingua de signos



cursos humanos e tecnolóxicos posibles. Pero a lei fai, ao mesmo tempo, un chamamento para estimular dende os primeiros anos de vida a comunicación a través da lingua de signos.

Por outra banda, fai referencia a moitos ámbitos de actuación: formación e emprego, saúde, cultura, ocio e deporte, transportes, relacións coas administracións públicas, participación política, medios de comunicación social, etc. Pero é no ámbito educativo onde recolle explicitamente, que se determinarán os centros educativos nos que se empregarán, como lingua vehicular de ensinanza, as linguas de signos españolas, ou no seu caso, aqueles centros que contén con medios de apoio á comunicación oral. Determináranse, de igual modo, os centros educativos que contén con servizo de intérprete de lingua de signos.

Cómpre destacar, finalmente, a creación do Centro de Normalización Lingüística de la Lengua de Signos Española, cuxa finalidade é investigar, fomentar, difundir e velar polo bo uso desta lingua. Tamén se crea o Centro Español del Subtitulado y la Audiodescripción, cuxa finalidade é investigar, fomentar, propoñer iniciativas e estender a subtítulos e a audiodescripción como medios de apoio á comunicación das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Situación actual en Galicia

Seguindo o paradigma oralista, Galicia apostou por modelos orais na educación do neno xordo de grao severo e profundo. Nesta liña a Administración educativa fixo un grande esforzo ao proporcionar profesionais especialistas en Audición e Linguaxe para o traballo con estes alumnos. Do mesmo xeito, e paso a paso, fóronse introducindo nas escolas medios de apoio á comunicación oral: vibradores, aparellos SUVAG, emisoras de FM, programas informáticos para a comunicación, etc. En canto á lingua de signos, a situación foi ben diferente.

Na nosa comunidade, como no resto do Estado, a lingua de signos entra no sistema educativo a través dos intérpretes, que comezan a desenvolver o seu traballo nos niveis de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Os primeiros apare-

cen no ano 2004 nas provincias da Coruña (febreiro), Pontevedra (marzo) e Ourense (abril). Dado o momento de incorporación aos institutos, co curso ben avanzado, a chegada destes profesionais non fixo máis que xerar confusión. Podemos imaxinar a sorpresa do mestre ao ver un estraño xesticular na aula mentres que el se comunicaba cos alumnos, iso sen saber nin ser informado sobre cal era a función que viña realizar esa persoa. A pesar de todo, o certo é que o número de intérpretes foi aumentando arreo ata situarse en quince no curso actual.

Malia ser certo que a secuencia na incorporación dos intérpretes de lingua de signos foi semellante en todas as comunidades, non ocorreu o mesmo no relativo ao ano. Na maioría das comunidades do Estado os primeiros intérpretes aparecen entre o ano 1995 e o 1998.

Unha vez que estes profesionais se situaron no espazo escolar, detectouse un importante problema. Os alumnos que comezaron a recibir este servizo mostraron unha grave carencia no coñecemento da lingua de signos. De certo, a maioría dos nenos tiñan un manexo moi pobre desta lingua, se exceptuamos aqueles que eran fillos de xordos. En bastantes ocasións os intérpretes realizaron e realizan actividades de alfabetización en lingua de signos, á vez que as funcións para as que foron contratados. Como consecuencia, revelouse a necesidade de que estes alumnos entrasen en contacto con esta lingua o máis axiña posible.

Para darlles resposta ás necesidades detectadas, a maioría das comunidades puxeron en marcha proxectos bilingües simultáneos e/ou proxectos bilingües-biculturais. Non obstante, ao non existir un modelo bilingüe universal, as diferentes administracións mostraron notables diferenzas, tanto na conceptualización do modelo, como na organización e planificación educativa. Parece que coa nova lei, as cousas van cambiar. Por un lado, reconece a necesidade de que as distintas administracións educativas faciliten, naqueles centros que se determine, a aprendizaxe da lingua de signos. Por outro, insta ás distintas administracións para que oferten modelos educativos bilingües de libre elección para o alumnado xordo, con discapaci-

dade auditiva ou xordo-cego. Chegados a este punto, só queda convidar a Administración educativa do noso país a pór en marcha, sen tardanza, proxectos de educación bilingüe. Deste modo responderíase a unha necesidade manifestada historicamente polas asociacións de xordos e por moitos pais e nais destes nenos e nenas.

A nova lei reconece a necesidade de facilitar a aprendizaxe da lingua de signos e a oferta de modelos educativos bilingües de libre elección para o alumnado

Bibliografía

ACOSTA, V. (2006) "El impacto de la diversidad en la educación de los sordos" (183-196), en ACOSTA, V. (Coord.) *La Sordera desde la Diversidad Cultural y Lingüística*. Barcelona, Masson.

CNSE (2006) *Relatorio. IV Congreso Confederación Estatal de Personas Sordas*. León. Documento policopiado.

FERNÁNDEZ-VIADER, M. P. (1996) "Interés de la educación bilingüe para los niños sordos". *Fiapas* (49) 16-21.

FERNÁNDEZ-VIADER, M. P. (2002) "Cambios actuales en la respuesta educativa para los sordos una aproximación hacia modelos comprensivos". *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado* 5 (4).

WOODWARD, J. (1973) "Signs of Change: Historical Variation in American Sign Language". *Sign Language Studies* (10) 81-94.